**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE MAIO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaoito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

**Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Dª MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
Dª MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
Dª MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

**Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR**

Dª LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE
Dª MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

**Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

Dª MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
Dª. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

**Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO**

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

**Polo GRUPO MIXTO**
D.ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

**Concelleira non adscrita**
Dª VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Non asisten á sesión a Sra. concelleira dona Marta María Iglesias Becerra e o Sr. concelleiro don Antonio Cañás Varela.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 26 DE ABRIL DE 2018.**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2018, sendo aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2018.

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A APROBACIÓN DE PROXECTO CORRIXIDO PARA "REPOSICIÓN DE ACERAS EN PASEO MARÍTIMO.**

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 24 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, que literalmente di:

**"PROPUESTA**

O Pleno Municipal en sesión de 2 de abril de 2018, aprobou a inclusión no Plan de obras e servizos de 2018, entre outras, da obra de reposición de aceras en Paseo Maritimo e o seu correspondente proxecto, redactado polo técnico municipal Manuel González González.

O 7/05/2018 a través da plataforma SUBTEL, recibiuse comunicación da Deputación Provincial da Coruña informando que, de conformidade co establecido nas Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+)2018, detectaran diversas incidencias no proxecto que obrigan á rectificación do mesmo, como paso previo á súa inclusión no devandito plan provincial:

Comunicadas ao redactor do proxecto as deficiencias que motivaron o informe desfavorable da Deputación Provincial, procedeuse a redactar un proxecto corrixido, no que se introducen as modificacións requiridas pola Deputación Provincial.

En base a todo o que, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto corrixido da seguinte obra:

| PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018 | Financiamento do investimento | | |
|---|---|---|---|
| Denominación da obra ou subministración | Préstamo Deputación | Achega Concello | Orzamento total |
| Reposición de aceras en Paseo Maritimo (corrixido) | 245.702,95 € | 5.545,75 € | 251.248,70 € |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

Segundo.- Comunicar a presente resolución á Deputación Provincial, xunto co proxecto corrixido, a través da plataforma SUBTEL."

Ao non producirse intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz.,Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (oito) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 24 de maio de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DATA 30/04/2018 RELATIVA A APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2018, que literalmente di:

**"PROPOSTA AO PLENO:**

Vista a resolución da Alcaldía número 631/2018, de data 30 de abril de 2018, que transcrita literalmente di:

"**RESOLUCIÓN**

O Pleno Municipal en sesión de 2 de abril de 2018, aprobou a inclusión no Plan Complementario ao Plan de obras e servizos de 2018, das obras de:

| Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado) | Grupo de programa | Orzamento |
| --- | --- | --- |
| Reparación en el depósito de A Corveira (proxecto rectificado) | 161 | 100.257,13 € |
| Acondicionamiento polideportiva descubierta del Paseo Marítimo do Burgo | 933 | 164.381,44 € |
| Acondicionamiento polideportiva descubierta de la Plaza Europa | 933 | 99.238,65 € |
| **TOTAIS** | | 363.877,22 € |

O 17/04/2018 a través da plataforma SUBTEL, recibiuse comunicación da Deputación Provincial da Coruña informando que, de conformidade co establecidos nas Bases do Plan provincial de ocoperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+)2018, detectáronse diversas incidencias nos proxectos incluídos no citado Plan que obrigan á rectificación dos seguintes proxectos aprobados:

| | | |
| --- | --- | --- |
| Acondicionamiento polideportiva descubierta del Paseo Marítimo do Burgo | 933 | 164.381,44 € |
| Acondicionamiento polideportiva descubierta de la Plaza Europa | 933 | 99.238,65 € |

Unha vez introducidas as modificacións requiridas pola Deputación Provincial,



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar os proxectos corrixidos das seguintes obras:

| | | |
|---|---|---|
| Acondicionamiento polideportiva descubierta del Paseo Marítimo do Burgo (correxido) | 933 | 164.381,44 € |
| Acondicionamiento polideportiva descubierta de la Plaza Europa (correxido) | 933 | 99.238,65 € |

Segundo.- Comunicar a presente resolución á Deputación Provincial, xunto cos proxectos corrixidos, a través da plataforma SUBTEL e someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que celebre.“

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

A ratificación da resolución anteriormente transcrita”

Ao non producirse intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz.,Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (oito) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

C.I.F. P-1503100-H

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 25 de maio de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO RELATIVA Á INCLUSIÓN DE CRITERIOS MEDIO-AMBIENTAIS NOS DIVERSOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, de data 22 de maio de 2018, relativa á inclusión de criterios medio-ambientais nos diversos procesos de contratación do Concello de Culleredo que sexan competencia do Pleno, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que continuando coa liña que expresaron xa fai uns meses en relación coa implantación de criterios sociais nos contratos e aproveitando a modificación que a Lei de contratos sufriu pola implantación das directivas europeas é polo que traen esta moción, procedendo á lectura da mesma, rectificada, que coa rectificación que indica o Sr. Santos Iglesias di:

“Exposición de motivos



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

As decisións municipais no ámbito da contratación pública son un mecanismo relevante para a mellora das condicións sociais da cidadanía.

A oferta economicamente máis vantaxosa non ten por que identificarse sempre coa do prezo máis baixo, nin a oferta máis idónea é sempre a máis barata.

Neste sentido, a consideración do factor prezo como único elemento de valoración dos contratos públicos a ter en conta, para a adxudicación dos diferentes procesos de contratación municipais que incide negativamente en cuestións como a calidade dos servizos contratados, e así mesmo impide tamén ter en conta a estabilidade e a sustentabilidade dos bens e servizos contratados, así como a responsabilidade social dos posibles adxudicatarios, elementos estes que deben ser tidos en conta.

Neste sentido, existe unha responsabilidade municipal no referido ao gasto realizado e ás condicións nas que se realizan os procesos de contratación, de tal maneira que estes e aquel sexan os máis convenientes para mellorar o benestar da cidadanía.

Un dos mecanismos fundamentais de contribución ao desenvolvemento sustentable por parte das Administracións Públicas consiste na implantación de políticas de compra responsable a través da incorporación de criterios ambientais na selección de produtos e provedores.

O marco normativo da contratación pública viuse modificado coa aprobación dunha nova Directiva sobre contratación Pública -Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014- que incide na aplicación doutros criterios de adxudicación, como os ambientais ou de innovación, prioritarios tamén en aras a un crecemento intelixente, sustentable e integrador que persegue a Estratexia Europa 2020, e na que a contratación pública desempeña un papel clave.



De acordo co disposto no Considerando 90 da Directiva, a adxudicación dos contratos debe basearse en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, co fin de garantir unha comparación obxectiva do valor relativo dos licitadores que permita determinar, en condicións de competencia efectiva, que oferta é a economicamente máis vantaxosa.

Doutra banda, tal e como recoñece a Directiva Europea sobre contratación pública 24/2014, para contratos de prestacións directas a cidadáns no ámbito sanitario ou social resulta necesario un tratamento máis afastado do mercado dado o carácter estratéxico das necesidades a satisfacer e, por iso, deben ser prestados desde unha estrita perspectiva de calidade.

En base ao exposto, a lexislación existente respecto dos procesos de contratación pública que afecta os concellos permite a aplicación de criterios ambientais nestes procesos e considera a posibilidade de incluír estes criterios nas condicións previas e pregos de licitación que elaboren as corporacións locais.

Resulta por tanto, plenamente lícito e socialmente desexable incluír ditas cláusulas e condicións en todos os procesos de contratación emprendidos polo Concello, procesos que deben supor o uso responsable da contratación pública como elemento posto ao servizo dos poderes públicos para mellorar as condicións ambientais da cidadanía.

Trátase por tanto da implantación progresiva e integral dunha estratexia de contratación pública responsable que contemplen aspectos éticos, ambientais, sustentables e de boa gobernanza, esixibles ás empresas licitadoras.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal da Marea Veciñal de Culleredo, propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1. A Elaboración dunha instrución reguladora relativa á inclusión nos pregos de cláusulas de criterios de adxudicación ambientais e fomento do comercio xusto, de maneira que sexa obrigatoria a súa inclusión en todos os contratos celebrados polo Concello de Culleredo, que sexan de competencia do pleno e sempre e cando garden relación co obxecto do contrato, e que teñan por obxecto a execución de obras, prestación ou xestión de servizos, a través dos diferentes tipos de contratos ou sistemas de racionalización da contratación regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

2. Que as citadas cláusulas sociais e medio-ambientais tendan a valorarse nun máximo do 60% sobre a puntuación total para a adxudicación do contrato, supoñendo así máis aló de simples cláusulas utilizadas para dirimir empates.

3. Non prorrogar os contratos vixentes, redactando cando expire cada un deles un novo prego que incorpore ditas cláusulas."

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que o medio ambiente, sustentabilidade, ecoloxía parecen conceptos que están de moda como esas camisetas do Che Guevara que moitas persoas usan sen saber en absoluto o que significan; son conceptos que venden e que son case universalmente aceptados e apoiados mais a súa aplicación xa é outro cantar; que estamos nun país en que hai empresas como AMPER que fan propaganda medioambiental e a ela hai algo que non lle cadra; que esta proposta está chea de palabrería baleira de contido e que estaría ben ver propostas concretas como a aposta por vehículos eléctricos ou híbridos, as medidas e ferramentas que axuden ao aforro de auga ou ao uso de enerxías renovables, etc., e que se se aproba esta moción non lle gustaría ver que mañá saia na prensa que Culleredo xa é un Concello máis ecolóxico cando non o sería en absoluto e que non lle gustaría participar da mentira e da falsedade e menos nun tema que é abondo serio coma este; que non pode ser que a ecoloxía como valor se convirta en mercadoría do capitalismo pois o medio ambiente require dun compromiso incondicional e claro.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o PSdeG-PSOE ve con boa perspectiva esta medida concreta que se propón cara aos procedementos de contratación, o feito de introducir criterios non so económicos senón tamén cualitativos tanto desde un punto de vista medioambiental como social, e que é certo que haberá que ir caso por caso e ver cada obxecto de cada contrato pero que, non obstante, e a falta do que puideran informar tanto os servicios xurídicos como a señora interventora, ven esta proposta favorable e polo tanto van apoiar esta moción.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (quince), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 4 (catro) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, de data 22 de maio de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BNG RELATIVA A REVISIÓN DE OFICIO CONTRATO.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro do BNG, de data 24 de maio de 2018, relativa á revisión de oficio de contrato, que é ratificada por unanimidade dos Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

**Exposición de motivos**

Desde hai varios meses asistimos a un festival de propaganda municipal con notas de prensa case a diario sobre cuestións formuladas en futuro imperfecto, o goberno municipal fará, construirá, ampliará, modernizará...

Somos conscientes das necesidades de comunicación por parte das cuestións públicas de caracter municipal, mais esto non lexitima un exercicio de propaganda financiada con recursos públicos e sen o preceptivo control da corporación.

Descoñecemos por que o goberno municipal non utiliza o persoal de Radio Culleredo para ese labor, como un servizo público máis.

Desde o bng-aa temos solicitado información encol do axente de prensa que presta os seus servizos habitulamente nas dependencias do Concello, posto que non nos constaba que figurara na plantilla de traballadores municipais. Finalmente déronnos acceso ao contrato vixente, asinado en Xaneiro de 2018 por un ano. Non tivemos ocasión aínda de revisar os contratos polos que prestou os servizos anteriormente.

No contrato puidemos apreciar varias cuestións que nos fan dubidar da súa validez administrativa, e en consecuencia da súa eficacia, tal como:

1. Ausencia da revisión e informe da Secretaria municipal.
2. En consecuencia, ausencia de verificación do apoderamento da empresa ao asinante do contrato, da súa validez contractual, e do axuste á lexislación de contratación.
3. Ausencia de informe da intervención. Ao noso ver puidera estarse producindo unha acumulación de contratos, ilegal, e a falta de control da intervención non permite a correcto control dos fondos públicos.
4. Incumprimento contractual verificado. Despois de varios meses de vixencia do actual contrato, e de varios anos anteriores, o motivo deste contrato, claramente non se está cumplindo. No exponendo primeiro, cita:

   *EXPOÑEN:*

   *1.- O concello de Culleredo proponse a contratación do servizo consistente na realización de traballos de Gabinete de Prensa e de actualización de contidos da páxina web municipal, de mantemento da conta do concello na rede social twitter, e dos paneis informativos exteriores, xa que o seu desenvolvemento require a disposición duns medios tanto humanos como técnicos dos que este concello non dispón nin, dada a súa especialidade, resulta convínte incrementalos.*

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Nos últimos anos temos preguntado porque non funcionan os paneis informativos exteriores. A día de hoxe seguen sen funcionar. Logo o motivo polo que se contratan os servizos desta empresa non se cumpren. Por se fora pouco ese exponendo, máis adiante no contrato hai unha clausula que o reafirma:

*CLÁUSULAS:*

*PRIMEIRA.- D. ..., na representación que ostenta, **comprométese a executa**r o contrato de realización de traballos de Gabinete de Prensa e de actualización de contidos da páxina web municipal, da conta de twitter e dos paneis informativos exteriores para o Concello de Culleredo,*

5. Incumprimento da normativa laboral. Outro dos parágrafos do contrato, relata: *O desenvolvemento dos traballos descritos requirirá, polo tanto, dun **labor presencial** no Concello de Culleredo que, sen prexuízo das adaptacións que poidan requirir as circunstancias excepcionais de cada campaña, **realizarase en horario repartido de mañá e tarde,** isto á marxe do tempo de traballo non presencial*

   Esta clausula podería supor unha cesión de traballadores por parte da empresa, algo claramente ilícito segundo a normativa laboral.

   Lembremos que só o persoal con relación estatutaria ou laboral, pode exercer o seu traballo en dependencias municipais.

6. Incumprimento de garantía da información pública. Relativa ao acceso dunha persoa allea aos empregados públicos á documentación municipal:

   *CUARTA.- Acepta expresamente o sr ...., todas as condicións fixadas no presente contrato, e asemesmo comprometese a:*

*...*
*5. Non difundir as informacións que lle fosen dadas confidencialmente, agás o permiso expreso da fonte.*
*6. Non empregar nunca en beneficio propio informacións privilexiadas, obtidas de xeito confidencial no exercicio da súa función informativa.*
*...*
*13. Toda a información facilitada pola administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a administración llo autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.*

Como pode ser que os representantes públicos elexidos polo pobo teñamos tantas restriccións para acceder aos documentos municipais, e algúen alleo aos empregados e representantes públicos poida dispoñer dese tipo de información?

Polo exposto, rogamos que se admita a trámite e debate polo Pleno da Corporación e a adopción dos seguintes

**ACORDOS**

1. Que se incoe expediente de inicio para a revisión de oficio deste contrato e en caso de que proceda, declarar a nulidade de pleno dereito."

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o contrato citado na moción é un contrato claramente irregular e procede á lectura da mesma.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que respecto do contrato mencionado na moción sobre o que se solicita a incoación dun expediente de revisión de oficio para ver se se atopa conforme á normativa de aplicación, e que se infome tanto xuridicamente como por parte da intervención, o seu grupo non ten inconveniente ningún en proceder á dita revisión pois non teñen nada que esconder e que, evidentemente, van acatar o que establezan os informes que se emitan ao efecto e as conclusións dos técnicos respectivos, anunciando que o seu voto será de abstención.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten o documento que se presenta na dación de conta deste pleno e quere replicar que din que non teñen nada que ocultar cando é a propia intervención municipal a que fai reparos respecto deste tema advertindo a Sra. Secretaría que a contratación verbal realizada infrinxe manifestamente a legalidade; que cre que a Sra. Secretaria municipal non ten constancia deste contrato polo que debe ser ese o motivo de que fale de contratación verbal, polo que non se entende que se diga que van acatar o que dispoñan os servicios técnicos e xurídicos xa que estes xa se teñen pronunciado sobre o asunto, tendo que levantar o Sr. alcalde os reparos que desde a Intervención se fan a este contrato. Remata a súa intervención pedindo que se tome en serio esta moción e non se gasten os cartos sen necesidade.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado:

C.I.F. P-1503100-H

Votos a favor: 11 (once), dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (oito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do concelleiro do BNG, de data 24 de maio de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA A REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA COBRE SAN RAFAEL SL Nº 2946, SITA NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal Alternativa dos Veciños, de data de entrada no Rexistro municipal o día 25 de maio de 2018, relativa á reapertura da explotación mineira cobre San Rafael, SL Nº 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

“MOCIÓN

DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA COBRE SAN RAFAEL, SL Nº 2946, SITA NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.

Preto de Compostela, á beira do Camiño de Santiago, nos concellos de Touro e O Pino, existe unha antiga mina de cobre. No radio dun quilómetro á redonda existe unha ventea de núcleos de poboación con gardería infantil, residencia de anciáns, piscina municipal, área recreativa, etc.

A súa conca deriva no río Ulla, que augas abaixo abastece as traídas de trece concellos que suman máis de 150.000 habitantes, e desemboca na Ría de Arousa, da que viven miles de familias do marisqueo, pesca artesanal e cultivos.

A mina pechou en 1986 pero na zona perviven escombreiras e lagoas de augas con metais pesados que rebordan no río Ulla.

A empresa Atalaya Mining (con sede en Chipre) participada por capital chinés e fondos de investimento estranxeiros, quere reabrila e de feito, o pasado 25 de Agosto de 2017 saiu a exposición pública o proxecto da súa reapertura. Tamén quere ampliala: 689 hectáreas a ceo aberto para extraer 267 millóns de toneladas e iso requerirá 15 millóns de quilos de produtos químicos, algúns deles sospeitosos de producir cancro. Ademais, construiranse dúas balsas xigantescas para os lodos contaminantes (unha cun muro de 3 quilómetros por 80 metros de alto).

Haberá unha media de entre 6 e 9 voaduras ao día e 25.000 quilogramos de explosivos ao ano, xerando tremores nas balsas e levantando nubes de po con metais pesados. Ademais, a empresa prevé verter á conca do Ulla os 3.000 millóns de litros de augas contaminadas que permanecen na antiga mina.



Isto ocasionaría vertidos de augas ácidas tóxicas e filtracions que afectarán a mananciais, hortas e animais. Nubes de po en suspensión cargadas de metais pesados que respirará a veciñanza, peregrinos e animais que acabarán depositados nos cultivos. Os habitantes da zona soportarán explosións diarias e vivirán co risco dunha avalancha de lodos tóxicos en caso de rotura das balsas. A contaminación afectará aos peixes do río, aos lombos do Ulla e ao resto dos bancos marisqueiros, recursos pesqueiros e cultivos da Ría de Arousa. As augas contaminadas do río abastecerán as traídas municipais de 13 municipios, que como antes xa se sinalou, contan con máis de 150.000 habitantes.

Estamos por tanto ante un proxecto cun impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural que xera unha forte alarma e rexeitamenteo en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal de “Alternativa dos veciños” propón ao pleno da corporación a adopción do acordo seguinte:

Primeiro.- Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, Medioambiente e Ordenación do Territorio; de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria, a emisión de informes negativos, tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron por entidades e particulares e que se proceda á desestimación á autorización administrativa de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos coa riqueza marisqueira da ría de Arousa.

Segundo.- Instar ó goberno da Xunta de Galicia para que promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e polo tanto, da Rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ao nomeado río e de aí á Ría de Arousa.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Plataforma veciñal "Mina Touro-O Pino NON", á "Plataforma en Defensa da Ría de Arousa" e ás administracións citadas e apoiar todos os actos e mobilizacións que convoquen estas entidades rexeitando a autorización administrativa deste proxecto de explotación mineira."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que desde Ciudadanos se opoñen a que se autorice a reapertura desta mina pois á vista da información disponible sobre o proxecto de reapertura desta mina pódese comprobar que os riscos medioambientais que iso conleva non compensan o impacto económico; que as alegacións presendadas pola Sociedade Galega de Historia Natural, Ecoloxistas en acción e incluso as presentadas polo Concello de Touro que contan cunta maioría absoluta e avalados por un infome dunha empresa independente; din que non debe autorizarse a explotación mentres as deficiencias observadas non sexan subsanadas; que a dita empresa xa explotou a mina causando danos medioambientais e poñendo en risco recursos forestais, gandeiros, turísticos, etc., e mentres non se solventen estes riscos, debéndoselle requirir a empresa unha garantía económica en forma de depósito dun aval ou un seguro de responsabilidade civil que cubrise a reparación de todos os danos posibles en caso de reapertura; que sobre o impacto económico hai que ter en conta que a mina pon en risco importantes bancos marisqueiros e outros recursos forestais, agrícolas, gandeiros e turísticos poo que mentras non se garante a non existencia de ningún tipo de risco non se debería autorizar a súa reapertura; que aínda que a mina tivese un impacto positivo na economía da zona, que está por ver, os danos que podería causar entenden que poderían ser moito maiores; que con carácter previo á aceptación debe adoptarse un acordo cos veciños afectados pola reactivación da mina acerca das compensacións económicas que a empresa lles ofreza e que en tanto non se cumplan todas estas condicións entenden que habería que opoñerse á reapertura pretendida; sen caer tampouco en ataques xeneralizados cara á minería ou á industria, tan necesarios para o crecemento económico de Galicia pero si que se exixa un proceso con todas as garantías, transparente e completamente respetuoso cos veciños e dos empresarios da comarca.

Continúa dicindo que para dar un apoio total a esta moción que se presenta solicita se acepte unha emenda no senso de rectificar o punto número 1 da moción xa que se insta aos funcionarios a facer informes negativos cando estes deberan poder ser obxectivos, considerando que non se debería tentar influír na súa emisión polo que pide que se rectifique esa petición nese sentido.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG- PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que desde o PSdeG están presentando e apoiando en varios concellos esta moción xa que según teñen entendido trátase dunha mina que rematou a súa explotación no ano 1986 a mina que non se atopa restaurada e que a propia Lei de Minas establece que cando se quere iniciar unha actividade mineira hai que restaurar previamente o anterior e que ademais, según estiveron vendo cos técnicos municipais, entenden que ao único que leva é a abrir un horizonte totalmente prexudicial e destrutivo, que ambientalmente está resultando moi agresivo, destruíndo o tecido gandeiro e o tecido forestal, a riqueza cultural pois hai que ter en conta que cerca pasa o camiño de Santiago, afectando á conca do río Ulla, e polo tanto a un grande número de persoas e de recursos naturais, entendendo que é un risco, un risco que se soporta sempre que veñen empresas estranxeirascapitalizadas con "fondos buitre" que veñen, collen os recursos naturais, explotan, contaminan, recollen beneficios e marchan a otra zona do mundo facer exactamente o mesmo, deixandolles aos veciños unha situación que non deberan soportar

C.I.F. P-1503100-H

polo que van tentar por todos os medios tanto aquí como na rúa facer oposición férrea para que este proxecto non saia adiante.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Altenativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que non van aceptar a emenda proposta polo Sr. Vázquez Lozano xa que é unha moción que sae da plataforma e do movemento veciñal que o sofre e que leva moito tempo xa movéndose por este tema.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Alternativa dos Veciños, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (quince), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 4 (catro) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal Alternativa dos Veciños, presentada no Rexistro municipal o día 25 de maio de 2018, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

**7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS, S.A.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal PSdeG-PSOE, de data 24 de maio de 2018, relativa á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, SA, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS, S.A**

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CULLEREDO desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Correos é unha sociedade estatal que leva prestando os seus servizos a todos os españois desde o 8 de xullo de 1716. Actualmente, é a sociedade responsable de prestar o Servizo Postal Universal en España de acordo a uns requisitos de calidade, regularidade, accesibilidade e asequibilidad, que fan efectivo o dereito de toda a cidadanía ás comunicacións postais.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

As cifras de Correos dan mostra da importancia da súa rede: máis de 8.000 entidades locais son atendidas a través dunha rede física e humana en todo o territorio nacional. Un servizo prestado a través de 8.946 puntos de atención, máis de 57.000 empregados onde o 49% son mulleres e o 51%, homes, que percorren diariamente 700.000 quilómetros diarios para atender a fogares e empresas.

A garantía do dereito de toda a cidadanía ás comunicacións postais a través da rede da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, sobre todo no ámbito rural e o mantemento da prestación dun servizo público de calidade, fan necesario que se poñan en marcha as accións necesarias para garantir a súa viabilidade futura. Neste sentido, é necesario que o operador público, do mesmo xeito que noutros países da nosa contorna europea, diversifique a súa actividade, aproveitando a capilaridad da súa rede, para obter economías de alcance, aumentado a porcentaxe de ingresos por actividades distintas á postal, como son: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc.; ademais de levar a cabo acciones dirixidas á investigación, desenvolvemento e innovación en materia postal e servizos de proximidade que permitan, contrarrestar a diminución de volumes e ingresos pola actividade puramente postal (especialmente nos segmentos de cartas tradicionais, afectados o efecto de substitución tecnolóxica), equilibrar a súa conta de resultados e manter a rede de Servizo Postal Universal.

En Correos, como noutros sectores, é incuestionable o esforzo e implicación dos seus traballadores e traballadoras e as organizacións sindicais para garantir a viabilidade do operador público nun contexto de forte diminución nas súas condicións e dereitos laborais, con 7 anos de recortes, o convenio colectivo conxelado desde decembro de 2013, a perda de máis de 15 mil empregos coa consecuente sobrecarga de traballo e unha gran incerteza de futuro. Estes elementos ten unha gran incidencia nun operador responsable, por unha banda, da prestación dun servizo público e, por outro, obrigado a competir nun mercado moi competitivo no que un dos seus maiores activos é o persoal, ao que hai que coidar, incentivar e facer cómplices das distintas decisións que se toman respecto do seu futuro.



A todo isto únese a Resolución de 30 de decembro de 2017 do Consello de Administración da Entidade Estatal de Correos e Telégrafos S.A. que aprobou as novas tarifas que se aplicarán no ano 2018 onde, como novidade, fixa dúas zonas diferenciadas (A e B) para os efectos de aplicar distintos importes nos envíos de publicacións periódicas. A denominada "zona A" aplicaríase a destinos local, capitais de provincia, localidades con administracións de Correos e poboacións de máis de 50.000 habitantes; e a denominada "zona B", que se aplicaría ao resto de destinos. En todos os tramos de peso, as tarifas da zona B son aproximadamente un 30% máis caras que as da zona A, e o número de destinatarios aos que afecta ao redor de 22 millóns de persoas.

A vixente Lei 43/ 2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva postal 2008/6/CE, de 20 de febreiro de 2008, proporcionou ao ámbito das comunicacións postais un marco legal que garante os dereitos dos cidadáns e dos usuarios a recibir un servizo postal universal na integridade do territorio nacional de boa calidade, a prezos alcanzables, encomendando esta responsabilidade ao operador público Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. Así mesmo, a nova regulación postal contempla os instrumentos para garantir o financiamento das obrigacións de servizo público, precisando os mecanismos para a determinación do custo neto e o cálculo da contía da carga financeira inxusta que levan as obrigacións derivadas da prestación do Servizo Postal Universal.

Sin embargo, o marco lexislativo postal vixente, despois de máis de sete anos desde a súa entrada en vigor, aínda non se desenvolveu plenamente polo que é necesario que o Goberno aprobe a normativa de menor rango prevista na citada Lei 43/ 2010, e especialmente o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, un instrumento necesario para que o operador público poida cumprir plena e eficazmente co seu labor e potenciar o seu papel histórico como instrumento que contribúe á vertebración territorial, a cohesión social e a mellora da actividade económica.

A falta de aprobación polo Goberno do Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, e a repercusión negativa que iso comporta para garantir un proxecto empresarial sólido e crible para a maior empresa pública da SEPI por número

de traballadores empregados, son motivo de gran preocupación para o sector, pese ao Plan de Acción da Sociedade Estatal.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de CULLEREDO presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando o Goberno de España a:

1. Deseñar e aprobar un Plan Estratéxico para aumentar a competitividade e garantir a viabilidade da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. Este Plan debe conter, entre outros elementos, a diversificación a través de actividades como: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc. Deberá contar na súa elaboración coa participación dos representantes dos traballadores e traballadoras, e cos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados.

2. Negociar, ao longo de 2018, un novo pacto colectivo cos traballadores que busque, entre outras cousas, garantir a taxa de reposición, a estabilidade no emprego mediante convocatorias de consolidación nos próximos anos, o rexuvenecemento do persoal, a garantía e mellora das condicións laborais e un pacto salarial que, ademais de buscar recuperar o salario perdido nos últimos anos, responda á singularidade da compañía pública.

3. Desenvolver e completar a normativa prevista na Lei 43/2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, a fin de garantir os compromisos de prestación e financiamento das obrigacións contraídas cun Servizo Postal Universal de calidade, a prezos alcanzables e accesible para todos os cidadáns e usuarios, conforme ao previsto na devandita lei. Aprobar, particularmente e de maneira inmediata, mediante Acordo do Consello de Ministros, o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal previsto na lei, fixando un Servizo Universal de calidade, suficiente para atender ás demandas dos cidadáns, usuarios e empresas; garantindo o custo real da carga financeira inxusta do servizo postal universal, a prestación dun Servizo Postal Universal de calidade e regularidade, así como a rede física que lle dá soporte, con especial atención ao ámbito rural, e a través dun financiamento adecuado.

4. Adoptar, de forma urxente, cantas medidas sexan necesarias para corrixir os obstáculos que, en relación co exercicio do dereito fundamental a comunicar e recibir información veraz e sobre a obrigación constitucional dos poderes públicos a promover e tutelar o acceso á cultura e á investigación científica e técnica, puidesen derivarse da discriminación tarifaria aprobada por Correos nos envíos de publicacións periódicas que forma parte do Servizo Postal Universal.

5. Garantir que Correos siga sendo, como o é desde hai 300 anos, unha ferramenta da que o Estado non pode prescindir para asegurar a vertebración territorial, social e económica."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que en principio van apoiar esta moción aínda que non lles parece coherente pois cando se someteron a aprobación os Presupostos Xerais do Estado o PSOE insistiu nun non e agora pídese máis financiamento, pero que independentemente disto a moción parécelles ben e a van apoiar.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se acaba de sorprender a coincidencia do Sr. Lozano co Sr. alcalde no sentido de que hai que aprobar os orzamentos a calquera prezo; que van apoiar esta moción pero que o farían con máis entusiasmo se lle admitise unha emenda consistente en que no apartado primeiro onde di que "(.../...)Se debería contar na súa elaboración coa participación dos representantes dos traballadores e traballadoras e cos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados" gustaríalle sumar coas nacionalidades históricas e demais Comunidades Autónomas.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

Intervén o Sr. Alcalde e di que esta é unha moción na que non van admitir ningún tipo de emenda e polo tanto se vai votar tal cual está.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que quere falar por alusións e contestarlle ao comentario do Sr. Chouciño Garrido referente á aprobación dos presupostos "a calquera prezo", para deixar claro que el en ningún momento dixo que os presupostos se tiñan que aprobar a calquera prezo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal PSdeG-PSOE, de data 24 de maio de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

## 8.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 06/04/2018 (código de documento UIT12I005P).
- Informe de data 20/04/2018 (código de documento UIT12I007A).
- Informe de data 25/04/2018 (código de documento UIT12I007K).
- Informe de data 25/04/2018 (código de documento UIT12I007K).
- Informe de data 25/04/2018 (código de documento UIT12I007K)
- Informe de data 24/04/2018 (código de documento UIT12I007A)
- Informe de data 04/04/2018 (código de documento UIT12I005K)
- Informe de data 25/04/2018 (código de documento UIT12I007K)

## 9.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓNS DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 543/2018, de data 17/04/2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 64m2 para o seu destino a viario público no lugar de Celas, formalizada en escritura pública outorgada o 28/02/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Federico-José Cantero Núñez, co número 293 do seu protocolo.

## 10.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 213 resolucións numeradas da 546 a 766 do ano 2018, que se relacionan deseguido:

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
| --- | --- | --- | --- |
| 546 | 19/04/2018 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 3170/2018 e tres máis. | |
| 547 | 19/04/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 20-04-2018. | |
| 548 | 19/04/2018 | Imposibilidade expedición certificación inexistencia expediente reposición legalidade urbanística sobre o inmoble con referencia catastral 001200800NH49D0001EM, situado no lugar de Monte da Arcas, parroquia de Orro, solicitada por A.C.R. | |
| 549 | 19/04/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/19 (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVIZOS XALO SL-IMPORTE: 105,60€ e máis) e ordenación do seu pagamento. | |
| 550 | 19/04/2018 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/22. (TERCEIRO: GESTIÓN Y TÉCNICAS EL AGUA, SA-IMPORTE TOTAL: 1.203,73€ e máis). | |
| 551 | 19/04/2018 | Concesión a V.P.G. da licenza de regularización das parcelas que solicitou na parroquia de Castelo (referencias catastrais 15031A073005450000OH e 15031A073006000000OX). | |
| 552 | 19/04/2018 | Denegación da devolución dos avais solicitados por Vivienda Confort Coruña SA (Avais para garantir as obras de urbanización da UA-31). | |
| 553 | 19/04/2018 | Traslado das actuacións (denuncia Seprona realización obras construción para uso residencial no lugar de Cabana, parroquia de Veiga, sen o título habilitante exixible) á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU). | |
| 554 | 19/04/2018 | Denegación a J.F.G.L. da licenza de segregación que solicitou para unha construción destinada a almacén de apeiros de labranza na parcela situada no lugar de Rumbo-Celas. | |
| 555 | 19/04/2018 | Concesión a M.A.D.F. da licenza municipal de obras para a construción dun peche na parcela situada na rúa Leonzas, parroquia de Culleredo. | |
| 556 | 19/04/2018 | Concesión a M.G.P. da licenza de primeira ocupación para unha edificación destinada a clínica de rehabilitación neurolóxica na Av. Miguel González Garcés e aprobación da devolución do aval depositado. | |
| 557 | 19/04/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23-04-2018. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 558 | 19/04/2018 | Concesión a M.G.C. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria. | |
| 559 | 19/04/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 1 - Promoción de servizos, programas, proxectos e actuacións en materia de servizos sociais. (DISMACOR-1.200€). | |
| 560 | 20/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.C.L. do recibo de auga por importe de 130,30€ correspondente ao 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018. | |
| 561 | 20/04/2018 | Recoñecemento da obriga e orde pagamento premios concedidos no I Memorial "Tino Poza" de Artes Plásticas. (BENEFICIARIO: M.R.G.B.- IMPORTE: 2000€ e dous máis). | |
| 562 | 20/04/2018 | Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por R.M.P.L. á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B | |
| 563 | 20/04/2018 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/23. (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVIZOS XALO, SL-IMPORTE TOTAL: 10.490,01€ e máis). | |
| 564 | 20/04/2018 | Orde pagamento 1.250,00€ correspondente ao 25% da axuda ao Club Baloncesto Culleredo. | |
| 565 | 20/04/2018 | Autorización uso local municipal Centro Cívico Virginia Blanco, para apoiar a integración das persoas con THDA e mellorar a súa calidade de vida e a dos seus familiares, todos os xoves desde o 1 e maio ao 30 de xullo de 2018 á ASOCIACIÓN ANHIDA CORUÑA. | |
| 566 | 20/04/2018 | Concesión da licenza municipal do espectáculo circense CIRCO EVOLUTION en terreos municipais do Burgo, consistente en circo sen animais e concesión da licenza municipal para uso especial de dominio público do 20-04-2018 ao 07-05-2018. | |
| 567 | 20/04/2018 | Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos o día 20-04-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. | |
| 568 | 20/04/2018 | Delegación na concelleira Dª Marta Mª Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.D.R.V. e M.L.C. o día 21-04-2018 ás 18.00 horas e entre A.C.P.P. e G.A.O. o día 21-04-2018 ás 19.30 horas. | |
| 569 | 23/04/2018 | Orde inscrición ASOCIACIÓN GALEGA DE ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA (AGAELA) no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo co núm. 160. | |
| 570 | 23/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis). | |
| 571 | 23/04/2018 | Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións, das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 01-01-2018 e o 31-03-2018, ambos os dous incluídos. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 572 | 23/04/2018 | Solicitude emisión ditame artigo 81 Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 12.j) da Lei 3/2014 do Consello Consultivo de Galicia en relación co procedemento de responsabilidade patrimonial G.M.O. | |
| 573 | 23/04/2018 | Concesión a E.P.G. da licenza de primeira ocupación que solicitou para a reforma do baixo cuberta dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Mosteiro de Carracedo, parroquia do Burgo. | |
| 574 | 23/04/2018 | Corrección do erro detectado na resolución núm. 473 do 09-04-2018. | |
| 575 | 23/04/2018 | Autorización, disposición e recoñecemento obriga 795.025,38€ (710.567,62€ indemnización anualidade 2018 e 84.457,76€ xuros devengados desde data notificación sentenza primeira instancia) a favor EPAAT SL, derivada 2ª anualidade indemnización resarcitoria | |
| 576 | 24/04/2018 | Abonamento dunha gratificación económica por asistencia a xulgados fóra da xornada laboral por temas relacionados coa súa actividade profesional aos membros da Policía Local de Culleredo J.L.L.P. e sete máis. | |
| 577 | 24/04/2018 | Nomeamento como auxiliares administrativas, funcionarias interinas, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses a A.M.R.F. e C.A.T. | |
| 578 | 24/04/2018 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 118 a A.S.V. | |
| 579 | 24/04/2018 | Atribución das funcións a J.L.L.P. como xefe de Servizo de Seguridade Cidadá e Protección Civil, de forma accidental, no período comprendido entre os días 28 de abril e 6 de maio de 2018. | |
| 580 | 24/04/2018 | Ampliación a M.E.P.M. da redución da súa xornada de traballo ata un total de 2 horas diarias (10 horas semanais) durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2018. | |
| 581 | 24/04/2018 | Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de membros da corporación nos meses de febreiro e marzo de 2018. | |
| 582 | 24/04/2018 | Aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo "Enxeñeiro /a industrial". | |
| 583 | 24/04/2018 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 3161/2018 e máis. | |
| 584 | 24/04/2018 | Baixa no servizo de Xantar na casa de C.M.L. | |
| 585 | 24/04/2018 | Concesión a F.S.M. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). | |
| 586 | 24/04/2018 | Concesión a E.S.D. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos). | |
| 587 | 24/04/2018 | Orde pagamento 2.500,00€ correspondente ao 25% da axuda ao Club Balonmán Culleredo. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
| --- | --- | --- | --- |
| 588 | 25/04/2018 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 18326/2017. | |
| 589 | 25/04/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento da obriga (220180006116) (TERCEIRO: ARTABRA COMUNICACIÓN, SL - IMPORTE:1.815,00€) e ordenación pagamento. | |
| 590 | 25/04/2018 | Concesión a J.R.B. da licenza solicitada para a execución das obras para a construción dunha piscina e dunha edificación auxiliar aberta na parcela situada na R/ Río Anllóns, parroquia de Rutis. | |
| 591 | 25/04/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 3 - Promoción de servizos, programas, proxecto e actividades de ámbito socio-sanitario (ALCER CORUÑA-1.000€). | |
| 592 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.C.L. do recibo de luz por importe de 17,50€ correspondente ao período do 1 ao 15 de xaneiro de 2018. | |
| 593 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.S.R. do recibo de electricidade por importe de 48,23€ correspondente ao mes de xaneiro de 2018. | |
| 594 | 26/04/2018 | Concesión a M.L.C.V. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos). | |
| 595 | 26/04/2018 | Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar de M.C.B. | |
| 596 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.P.O. do recibo de auga por importe de 58,79€ correspondente ao primeiro trimestre de 2018, pago recibo electricidade por importe de 28,56€ do mes de xaneiro de 2018. | |
| 597 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.I.R. do recibo de electricidade por importe de 81,28€ correspondente ao mes de marzo de 2018. | |
| 598 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago M.A.G.L. recibo gas importe de 9,99€ do mes de xaneiro de 2018, pago recibo auga importe de 54,40€ do 1º trimestre de 2018 e do recibo de electricidade importe de 104,07€ xaneiro e febreiro 2018. | |
| 599 | 26/04/2018 | Concesión a Y.M.C. dunha axuda económica para o pago de recibo de auga do 1º trimestre de 2018 por importe de 72,62€, Bono de alimentos tipo B e Bono de hixiene tipo A. | |
| 600 | 26/04/2018 | Concesión a M.C.L.V. dunha axuda económica para o pago de recibo de electricidade de seis meses de 2018, para o pago de recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene. | |
| 601 | 26/04/2018 | Concesión a J.LM.C.V. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 920,72€, para pago de recibo de auga do 1º trimestre de 2018. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 602 | 26/04/2018 | Concesión a A.A.G. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€. | |
| 603 | 26/04/2018 | Concesión a M.A.E.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1000€. | |
| 604 | 26/04/2018 | Concesión a H.C.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 605 | 26/04/2018 | Concesión a S.C.N. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 606 | 26/04/2018 | Concesión a J.A.V.M. dunha axuda económica para o pago de recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, para pago recibo electricidade 6 meses 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene tipo A. | |
| 607 | 26/04/2018 | Concesión a M.J.R.S. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,68€. | |
| 608 | 26/04/2018 | Concesión a R.B.F. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,68€. | |
| 609 | 26/04/2018 | Concesión a M.P.N.F. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 610 | 26/04/2018 | Concesión a N.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 957,88€ e para o pago de recibo de auga por importe de 117,80€ correspondente ao 4º trimestre de 2017. | |
| 611 | 26/04/2018 | Concesión a S.N.M. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade dos meses de novembro de 2017 a outubro de 2018, Bono de alimentos tipo C e Bono de hixiene tipo B. | |
| 612 | 26/04/2018 | Concesión a Y.D.C. dunha axuda económica para o pago de recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo de electricidade de 6 meses de 2018, pago de recibo de gas de 6 meses de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene tipo A. | |
| 613 | 26/04/2018 | Concesión a I.A.P.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 614 | 26/04/2018 | Solicitude á Fundación Biodiversidade concesión subvención por importe de 127.040€ para a realización e desenvolvemento do "Proxecto de promoción e capacitación en bioconstrución e construción adaptada á economía circular", dirixido a persoas desempregadas | |
| 615 | 26/04/2018 | Imposibilidade de expedición da certificación solicitada po M.I.M.V. de inexistencia dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmoble coa referencia catastral 15031A007003450000OM. | |
| 616 | 26/04/2018 | Denegación licenza municipal uso especial dominio público, reserva espazo entrada e saída vehículos (Reserva Permanente 24 horas) para o garaxe situado R/ Andrés Gaos, Vilaboa, á Comunidade de Propietarios por carecer licenza municipal apertura garaxe. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
| --- | --- | --- | --- |
| 617 | 26/04/2018 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.M.L.D. | |
| 618 | 26/04/2018 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.B.M. | |
| 619 | 26/04/2018 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.G.M. e H.B.G. | |
| 620 | 26/04/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/24 (TERCEIRO: COPIFAX, SL – IMPORTE: 389,65€ e máis) e ordenación pagamento. | |
| 621 | 26/04/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/25 (TERCEIRO: AUTOMÓVILES SIGRAS CARRAL, SA - IMPORTE: 560,00€ e máis) e ordenación pagamento. | |
| 622 | 26/04/2018 | Delegación na concelleira Dª Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.G.M. e A.G.R. o día 28-04-2018 ás 13.00 horas. | |
| 623 | 26/04/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30-04-2018. | |
| 624 | 26/04/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e ore de pago a D.D.F.T. do recibo de transporte por importe de 42,50€ correspondente ao mes de marzo. | |
| 625 | 30/04/2018 | Aprobación da operación denominada "Patrimonio industrial". (Operación estratexia DUSI). | |
| 626 | 30/04/2018 | Aprobación da operación denominada "Mejora de la transición ciudad-zonas industriales". (Operación estratexia DUSI). | |
| 627 | 30/04/2018 | Aceptación do desestimento da solicitude de compatibilidade presentada por D.P.Y. | |
| 628 | 30/04/2018 | Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Rehabilitación do pavimento na R/. Pérez de Traba (VP-93)" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 39.973,74€, IVE engadido. | |
| 629 | 30/04/2018 | Imposición sanción tráfico, expediente 17964/2017. | |
| 630 | 30/04/2018 | Restablecemento da xornada laboral de E.G.G. á xornada completa e as súas correspondentes retribucións a partir do 02-06-2018. | |
| 631 | 30/04/2018 | Aprobación proxectos corrixidos obras: Acondicionamiento polideportiva decubierta del Paseo Marítimo do Burgo 164.381,44€ e Acondicionamiento polideportiva descubierta de la Plaza Europa 99.238,65€ (Plan Complementario ao Plan de obras e servizos 2018). | |
| 632 | 30/04/2018 | Aprobación dos xustificantes incluídos na relación J/2018/2 e reposición das cantidades anticipadas (TERCEIRO: S1511001H - IMPORTE TOTAL: 33,12€ e máis). | |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 633 | 30/04/2018 | Concesión a A.C.L. dunha copia da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade, por destrución accidental da anterior. | |
| 634 | 02/05/2018 | Aprobación da incorporación dos remanentes de crédito do orzamento de 2017 ao orzamento de 2018 e aprobación das operacións de execución de gasto relacionadas (TERCEIRO: P1500000C - IMPORTE:57.674,48€ e máis). | |
| 635 | 03/05/2018 | Asunción pola alcaldía suplencia concelleira delegada Área Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Dª Marta María Figueroa Fuentes, desde o día 07-05-2018 ao día 11-05-2018 (ambos os dous incluídos), sen que implique alteración competencia. | |
| 636 | 03/05/2018 | Asunción pola alcaldía suplencia concelleira delegada Área Facenda, Patrimonio e Contratación, Dª Marta María Iglesias Becerra, desde o día 04-05-2018 ata a súa incorporación, sen que implique alteración competencia. | |
| 637 | 03/05/2018 | Delegación no concelleiro desta Corporación, D. Diego A. Taibo Monelos, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.M.R. e E.M.B.G. o día 05-05-2018 ás 19.30 horas. | |
| 638 | 03/05/2018 | Delegación na concelleira desta Corporación, Dª. María Guadalupe Pombo Carril, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre N.P.R.S. e J.L.F.L. o día 05-05-2018 ás 13.30 horas. | |
| 639 | 03/05/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 07-05-2018. | |
| 640 | 03/05/2018 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 117 a A.B.P. | |
| 641 | 03/05/2018 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Social núm. 3 da Coruña, no Procedemento Ordinario 391/2016. (Demanda interposta por P.C.P.). | |
| 642 | 03/05/2018 | Dedución na nómina do presente mes de J.A.V.C. | |
| 643 | 03/05/2018 | Dedución na nómina do presente mes a A.S.R. | |
| 644 | 03/05/2018 | Dedución na nómina do presente mes a C.D.V.S. | |
| 645 | 03/05/2018 | Modificación da resolución núm. 164 do 31-01-2018. | |
| 646 | 03/05/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 6 - PROMOCIÓN DO DEPORTE (Olímpico de Rutis CF-3.800,00€). | |
| 647 | 03/05/2018 | Solicitude dunha subvención por importe de 39.738,10€ para o mantemento do servizo de normalización lingüística. | |
| 648 | 04/05/2018 | Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2017 e 2018 (P.B.S e máis) | |
| 649 | 04/05/2018 | Declaración da xubilación forzosa da funcionaria M.L.I.B., con efectos do 25-05-2018. | |

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 650 | 04/05/2018 | Restablecemento da xornada laboral de K.P.D.A. á xornada completa e as súas correspondentes retribucións a partir do día 01-07-2018. | |
| 651 | 04/05/2018 | Restablecemento da xornada laboral de S.P.V. á xornada completa e as súas correspondentes retribucións a partir do 09-06-2018 | |
| 652 | 04/05/2018 | Aceptación da baixa da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por M.B.F. e M.E.B.F. | |
| 653 | 04/05/2018 | Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por A.V.R. | |
| 654 | 04/05/2018 | Concesión a J.A.R.F. dunha axuda económica en concepto de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, axuda pago recibos luz de novembro de 2017 a outubro de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene. | |
| 655 | 04/05/2018 | Concesión a S.R.S.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1000€. | |
| 656 | 04/05/2018 | Concesión a M.J.V.M. dunha axuda económica en concepto de recibo de auga do 4º trimestre de 2017 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibos luz de xaneiro a outubro de 2018 e pago recibos gas de xaneiro a outubro de 2018. | |
| 657 | 04/05/2018 | Concesión a C.P.G.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 990€. | |
| 658 | 05/05/2018 | Imposibilidade expedición certificación inexistencia expediente reposición legalidade urbanística sobre o inmoble con referencia catastral 0156108NH5905N0002XX, situado na rúa Leopoldo Blanco Vila, solicitada por M.T.R.F. | |
| 659 | 05/05/2018 | Concesión a Promociones Beidame SL da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Mandeo núm. 10, parroquia de Rutis. | |
| 660 | 07/05/2018 | Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde D. Diego Antonio Taibo Monelos o día 07-05-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. | |
| 661 | 07/05/2018 | Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural a edificio de vivendas situado na rúa Dereitos Humáns 7,9 e 11 na parroquia de Rutis. | |
| 662 | 07/05/2018 | Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de subministro de gas na rúa Francisco Largo Caballero 1-3 na parroquia do Burgo. | |
| 663 | 07/05/2018 | Concesión A.M.S.D. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 8606KJX, 5 prazas en substitución vehículo marca SKODA OCTAVIA matrícula 8709HLW, conservando núm. 14 licenza municipal. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
| --- | --- | --- | --- |
| 664 | 07/05/2018 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/26. (TERCEIRO: JARDINERÍA ARCE, SL-IMPORTE TOTAL: 7.225,31€ e máis). | |
| 665 | 07/05/2018 | Denegación a M.R.L.C. das axudas para Abono recibo de auga, abono de recibo electricidade, Bono de alimentos e Bono de Hixiene. | |
| 666 | 07/05/2018 | Concesión a F.L.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1000€. | |
| 667 | 07/05/2018 | Concesión a I.M.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 990€. | |
| 668 | 07/05/2018 | Concesión a R.V.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 669 | 07/05/2018 | Concesión a A.M.A.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 670 | 07/05/2018 | Concesión a K.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1040€. | |
| 671 | 07/05/2018 | Concesión a A.M.S.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 672 | 07/05/2018 | Concesión a J.G.S. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€. | |
| 673 | 07/05/2018 | Concesión a D.I.G.S.G. Dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 674 | 08/05/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/28 (TERCEIRO: AUTOMÓVILES SIGRAS CARRAL SL - IMPORTE: 305,69€ e máis) e ordenación pagamento. | |
| 675 | 08/05/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e 220180007274 (TERCEIRO: ÁRTABRA COMUNICACIÓN SL- IMPORTE TOTAL: 1.818,00€) e ordenación pagamento. | |
| 676 | 08/05/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/27 (TERCEIRO: CLUB CICLISTA CAMBRE - IMPORTE: 1.600€ e máis) e ordenación pagamento. | |
| 677 | 08/05/2018 | Delegación especial na concelleira, Dª Mª del Carmen Varela Corbelle, para a sinatura dos convenios dos espectáculos adxudicados ao Concello de Culleredo ao abeiro da Rede Cultural 2018 o día 08-05-2018 na Deputación Provincial da Coruña. | |
| 678 | 09/05/2018 | Concesión a A.C.S.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 679 | 09/05/2018 | Concesión a O.M.F. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 680 | 09/05/2018 | Concesión a C.J.D.T. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 681 | 09/05/2018 | Denegación da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar a M.N.D. | |
| 682 | 09/05/2018 | Concesión a A.G.B. dunha axuda económica para recibo de auga do 4º trimestre de 2017 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibos gas xaneiro-outubro 2018, pago recibos luz xaneiro-outubro 2018 e pago recibos comunidade xaneiro-outubro 2018. | |
| 683 | 09/05/2018 | Concesión a K.P.D.A. dun anticipo salarial. | |
| 684 | 10/05/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 5 - PROMOCIÓN DA CULTURA (SOCIEDAD CULTURAL E RECREATIVA DO BURGO-1.007,2€). | |
| 685 | 10/05/2018 | Concesión autorización á ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE FONTECULLER para a celebración da festa popular ao aire libre no lugar CAMPO DA FESTA DAS BRAÑAS os día 12 e 13 de maio 2018 e autorización da ocupación do recinto municipal no mencionado lugar. | |
| 686 | 10/05/2018 | Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, por importe de 2.244,83€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Renovación parque infantil R/ Luis Seoane". | |
| 687 | 10/05/2018 | Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL por importe de 1,152,68, polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Remodelación do parque infantil da Cross". | |
| 688 | 10/05/2018 | Exclusión do procedemento de adxudicación a oferta presentada por CERNE SL e adxudicación da obra "Mellora e mantemento de vías de titularidade municipal" á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL fixando o prezo en 31.983,28€ IVE engadido. | |
| 689 | 10/05/2018 | Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.B.N., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B | |
| 690 | 10/05/2018 | Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por I.V.R. | |
| 691 | 10/05/2018 | Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para obras de reforzo de tendido aéreo no lugar de Castro, parroquia de Rutis. | |
| 692 | 10/05/2018 | Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria presentado por R.P.P. (Expediente: 15577/2017) confirmando a sanción imposta. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 693 | 10/05/2018 | Delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.S.O. e I.L.L. o día 12-05-2018 ás 18.30 horas. | |
| 694 | 10/05/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14-05-2018. | |
| 695 | 11/05/2018 | Comunicación SMAC, Servizo Traballo e Economía Social Consellería Economía, Emprego e Industria, habilitación M.N.F.B. como representante letrada acto conciliación obligatorio Expte. 2553-54/2018, demanda materia despedimento interposta F.J.P.R. e M.A.R.V. | |
| 696 | 11/05/2018 | Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por R.P.L. en nome de ALLIANZ e J.M.M.V., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B | |
| 697 | 11/05/2018 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña no PROCEDEMENTO ORDINARIO 64/2018. (Interposto por GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA). | |
| 698 | 11/05/2018 | Concesión a M.T.C.F. dunha gratificación de 54,56€ por servizos extraordinarios. | |
| 699 | 11/05/2018 | Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para retranqueo LMT SMC-711 ALMEIRAS. | |
| 700 | 11/05/2018 | Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida RBTS vivenda en Cornedo s/núm.- Sésamo. | |
| 701 | 11/05/2018 | Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida RBTS no Centro Loxístico de Transportes, parcelas 41 e 42 na parroquia de Ledoño. | |
| 702 | 11/05/2018 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 119 a D.F.G. | |
| 703 | 11/05/2018 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 120 a J.M.V.C. | |
| 704 | 11/05/2018 | Aceptación do desestimento que formulou Unión Fenosa Distribución SA á licenza de obras que solicitou para executar o recuamento dun tramo de liña de media tensión aérea na rúa Pereiros, parroquia de Almeiras. | |
| 705 | 14/05/2018 | Concesión a J.L.G.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 706 | 14/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de electricidade por importe de 21,16€ correspondente ao mes de marzo. | |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 707 | 14/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.V. dos recibos de electricidade por importe de 63,12€ correspondente aos meses de xaneiro (16,19€), febreiro (23,04€) e marzo (23,89€) de 2018. | |
| 708 | 14/05/2018 | Concesión a A.N.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 709 | 14/05/2018 | Concesión a B.J.J. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 710 | 14/05/2018 | Concesión a S.B.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 711 | 14/05/2018 | Concesión a J.A.P.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€. | |
| 712 | 14/05/2018 | Concesión a L.A.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 713 | 14/05/2018 | Concesión a I.G.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€. | |
| 714 | 14/05/2018 | Concesión a A.S.T. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 715 | 14/05/2018 | Concesión a G.I. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 716 | 14/05/2018 | Concesión a M.R.L.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 717 | 14/05/2018 | Concesión a C.L.G.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 718 | 14/05/2018 | Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a I.A.C., con efectos de 01/06/2018. | |
| 719 | 14/05/2018 | Aprobación do Padrón Fiscal da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa correspondente ao exercicio 2018 que consta de 55 recibos por un importe total de 22.671,76€. | |
| 720 | 14/05/2018 | Aprobación do Padrón Fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública correspondente ao exercicio 2018, que consta de 273 recibos por un importe total de 174.870,92€. | |
| 721 | 14/05/2018 | Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Gea, especie canina, núm. Microchip 941000019448989, propietario A.S.V., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 118, data de expedición 24/04/2018. | |
| 722 | 14/05/2018 | Concesión a A.V.V. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda no lugar de Celas. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 723 | 14/05/2018 | Aceptación do desestimento de Unión Fenosa Distribución SA á licenza de obras que solicitou para o subministro a unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Anchouza na parroquia de Rutis. | |
| 724 | 14/05/2018 | Aceptación do desestimento de Gas Galicia SA á licenza que solicitou para o subministro de gas natural canalizado na Av.Rutis, parroquia de Rutis. | |
| 725 | 14/05/2018 | Declaración caducidade procedemento incoado resolución 11-12-2015 para declaración ineficacia comunicación previa achegada sociedades Grupo Kenya Exchange SL e tres máis para exercicio actividades almacén produtos téxtiles, calzado etc. Parcela 64 CLT. | |
| 726 | 15/05/2018 | Incoación expediente sobre orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade respecto terreo referencia catastral 8304602NH4980S a nome J.P.G., para execución traballos eliminación peche vexetal que invade viario público (VP-404). | |
| 727 | 15/05/2018 | Autorización inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2018). | |
| 728 | 15/05/2018 | Autorización baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2018). | |
| 729 | 15/05/2018 | Autorización inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2018). | |
| 730 | 15/05/2018 | Autorización baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2018). | |
| 731 | 15/05/2018 | Recoñecemento a C.A.T., aos efectos de trienios, do tempo de servizos previos prestados no Concello de Culleredo. | |
| 732 | 15/05/2018 | Recoñecemento a D.N.O., aos efectos de trienios, do tempo de servizos previos prestados no Concello de Melide. | |
| 733 | 15/05/2018 | Recoñecemento a A.M.R.F., aos efectos de trienios, do tempo de servizos previos prestados na Deputación Provincial da Coruña e no Concello de Culleredo. | |
| 734 | 15/05/2018 | Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados públicos realizados no ano 2017 e 2018 (M.J.C.R. e máis). | |
| 735 | 15/05/2018 | Concesión a C.M.F.R. da modificación do seu horario fixo de presencia. | |
| 736 | 15/05/2018 | Concesión a C.A.T. da modificación do seu horario fixo de presencia. | |
| 737 | 15/05/2018 | Denegación da devolución da cantidade de 50€ ingresada en concepto de Prezo público por Baile infantil a S.B.A. | |
| 738 | 15/05/2018 | Delegación no concelleiro D. Manuel Isidro Taibo Gago do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre C.A.S. e F.J.L.P. o día 18-05-2018 ás 19.00 horas. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 739 | 15/05/2018 | Aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Culleredo e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mantemento do Centro para a atención a mulleres vítimas de violencia, durante 2018. | |
| 740 | 16/05/2018 | Concesión a A.S.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). | |
| 741 | 16/05/2018 | Concesión a E.V.B.R. dunha axuda económica en concepto recibo de auga do 4º trimestre de 2017 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibos luz dos meses de xaneiro a outubro 2018, e pago recibos comunidade veciños dos meses de xaneiro a outubro de 2018. | |
| 742 | 16/05/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 5: PROMOCIÓN DA CULTURA. (CORAL DE MULLERES DE VILABOA-1.232€ e dúas máis). | |
| 743 | 16/05/2018 | Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Sira, especie canina, núm. Microchip 941000019777594, propietario A.B.P., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 117, data de expedición 03-05-2018. | |
| 744 | 16/05/2018 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 19586/2017. | |
| 745 | 16/05/2018 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21-05-2018. | |
| 746 | 18/05/2018 | Concesión a M.M.H. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 747 | 18/05/2018 | Denegación a J.J.M.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 748 | 18/05/2018 | Concesión a C.G.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). | |
| 749 | 18/05/2018 | Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar de M.C.O.A. | |
| 750 | 18/05/2018 | Aceptación da baixa da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria formulada por M.V.L. | |
| 751 | 18/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago M.A.R.M. recibo auga 4º trimestre 2017 (73,63) e 1º trimestre 2018 (75,64), recibos electricidade novembro (52,20) e decembro (58,38) 2017, xaneiro (83,68), febreiro (18,20), marzo (67,91) e abril (67,63). | |
| 752 | 18/05/2018 | Concesión a R.C.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
|---|---|---|---|
| 753 | 18/05/2018 | Concesión a D.R.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 715€, pago recibos auga 4º trimestre 2017 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, recibos luz de xaneiro a outubro de 2018 e recibos gas de xaneiro a outubro de 2018. | |
| 754 | 18/05/2018 | Concesión a M.J.S.T. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade de outubro a decembro de 2017 e de xaneiro a outubro de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene tipo A. | |
| 755 | 18/05/2018 | Concesión a A.B.R. Bono de lactantes, Bono de alimentos tipo B e Bono de hixiene tipo A. | |
| 756 | 21/05/2018 | Concesión a A.M.D.S. da licenza municipal de obras solicitada para a execución das obras para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar na parcela con referencia catastral 15031A073006040000OS, situada no lugar de Xian, parroquia de Almeiras. | |
| 757 | 21/05/2018 | Delegación na concelleira Dª María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.C.R. e A.B.V. o día 26-05-2018 ás 18.30 horas e entre R.G.P. e J.M.V. o día 26-05-2018 ás 19.30 horas. | |
| 758 | 22/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de bono de transporte por importe de 54,16€ do mes de abril de 2018. | |
| 759 | 22/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.C.L. do recibo de luz por importe de 33,15€ correspondente ao período do 15 de xaneiro ao 13 de febreiro de 2018. | |
| 760 | 22/05/2018 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.V.M. do recibo de auga por importe 139,23€ do 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018, pago de recibo de luz por importe de 38,60€ do período do 1 de xaneiro de 2018 ao 12 de abril de 2018. | |
| 761 | 22/05/2018 | Concesión a C.M.B.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€. | |
| 762 | 22/05/2018 | Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 1 - Promoción de servizos, programas, proxectos e actuacións en materia de servizos sociais. (ASPANAES-1.200€ ). | |
| 763 | 22/05/2018 | Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Melloras na estrada de Folgueira a Vinxeira (VP-480) - Concello de Culleredo", co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 52.270,17€, IVE engadido. | |
| 764 | 22/05/2018 | Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural canalizado desde rede existente a edificio situado na rúa Francisco Largo Caballero, 5-7 O Burgo. | |

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 31-05-2018 |
| --- | --- | --- | --- |
| 765 | 22/05/2018 | Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometidas na rúa Río Tambre 9, 5, 14, 18, 19, 10, 20 e 7 e na rúa Río Miño 11, 19 e 21, Rutis. | |
| 766 | 22/05/2018 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/26 (TERCEIRO: CRISTALERÍA GESTAL, SL - IMPORTE: 1.574,81€ e máis) e ordenación pagamento. | |

**11.- MOCIÓNS URXENTES**

A Presidencia, de conformidade co establecido no artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete á aprobación do Pleno, por razóns de urxencia da moción do concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, de data 31 de maio de 2018, relativa ao apoio á convocatoria de Folga Xeral convocada para o 19 de xuño de 2018. Sometida a votación a declaración de urxencia e a procedencia do debate, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, a Presidencia declara aprobada a declaración de urxencia e a procedencia do debate da moción do concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, de data 31 de maio de 2018, relativa ao apoio á convocatoria de Folga Xeral convocada para o 19 de xuño de 2018.

De seguido, a Presidencia somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita literalmente di:

**"MOCIÓN PARA APOIAR A FOLGA XERAL DO 19 DE XUÑO**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en apoio á convocatoria de Folga Xeral convocada pola CIG para o 19 de marzo.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.) ten convocada Folga Xeral para o próximo 19 de Xuño, baixo o lema **Sumando Loitas- Sobran razóns.** Pola Recuperación dos nosos Direitos. Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas.

As decisións políticas adoptadas desde o inicio da crise económica téñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego.

A recuperación económica da que se fai propaganda á diario non existe, é só para as persoas ricas, que aumentan a súa riqueza, á conta dun empobrecemento xeral.

Medra o paro e baixa a poboación activa. A taxa de paro é do 15,08%, maior que no ano 2009.

Ter un traballo non permite vivir en condicións dignas. As pensións non garanten poder adquisitivo. As reformas do sistema público de pensións, do 2011 e 2013, fan que na Galiza teñamos as pensións máis baixas do Estado español.

A reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos que tan sequera chegan ao salario mínimo interprofisional.

Cada día son máis persoas no desemprego non perciben ningún tipo de ingresos. Non para a emigración de xente nova, deixando sen futuro á sociedade galega.

Medran os sectores sociais abandonados polas Administracións ante os recortes sociais e privatizacións dos servizos públicos, do ensino, sanidade, servizos socias, etc…

Criminalizan, reprimen, encadean a quen se mobiliza, quen exerce a liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integramos o Estado español.

O Goberno de Feixó non toma iniciativas ante esta grave situación, sométese a estas políticas decididas en Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos Fondos de Inversión, que acumulan máis riqueza en menos mans, lonxe de Galiza.

O Goberno español do PP, en minoría parlamentar, cheo de corrupción e con total impunidade, reforza os recortes nos Orzamentos do Estado, mentres as teóricas forzas da esquerda española son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con todas estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

Non se pode agardar máis. Está en xogo evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores

A folga xeral é a resposta necesaria da clase traballadora para demostrarlle ao poder económico e político a nosa disposición de loitar pola recuperación dos nosos dereitos e por un futuro digno.

**Para esixir a derrogación das reformas laborais e da negociación colectiva.** Debilitan á clase traballadora, precarizan o emprego, estabelecen novas formas de explotación laboral.

**Para conseguir avances reais para as mulleres**. A Folga do 8 Marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade… A sentenza da Audiencia de Navarra confirma que a violencia patriarcal está instalada en todos os aparatos do Estado.

**Para defender as pensións públicas**. O PP non pode desoír o clamor social de pensións dignas. É a mellor defensa ante a próxima reforma do Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos Orzamentos é un engano, se non se derrogan as reformas de 2011 e 2013,o roubo ás pensións seguirá.

**Contra os abusos da patronal**, reforzada con estas políticas antiobreiras, paralizada a negociación colectiva, atacan as nosas condicións laborais e salariais, impón convenios estatais que non satisfan as nosas reivindicacións de emprego e salarios dignos.

**Para frear as duras políticas do PP** contra os/as desempregados/as. O Goberno de Raxoi prepara un novo recorte ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

**Para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos**, lograr a derrogación da LOMCE e da Lei de Saúde da Xunta de Feixoo. Para que o Ensino e a Sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

**Para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais**, da Lei Mordaza e da última reforma do Código Penal.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**Pola rexeneración democrática** fronte á corrupción actual, ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

**Por solidariedade e unidade da clase traballadora**. Cómpre rachar a dupla realidade dentro da clase traballadora, de explotadas e sobre-explotadas. A precariedade e a pobreza laboral pódense facer imparábeis.

**Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na Nosa Terra**. Para que a riqueza dos nosos recursos se utilicen para industrializar, criar postos de traballo dignos e mellores servizos públicos. Para que a nosa emigración poida retornar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

**ACORDO**

1. **Manifestar o apoio da Corporación Municipal a estas reinvindicacións e animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta Folga Xeral do 19 de Xuño de 2018."**

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, pide disculpas por non ter entregado con anterioridade a dita moción, procedendo á súa lectura.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que non van votar a favor desta moción porque considera que chega un pouco tarde xa que se pretende facer unha folga contra un partido que puidera ser que ao día seguinte xa non estivera; que non están de acordo con todas as reformas realizadas durante a crise e que non están de acordo con que se tiveran realizado todas mal pero a clase traballadora está obrigada a recuperar o perdido e recompensarlle os traballos feitos durante esta crise.



Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que tal e como está a situación laboral, os traballadores e traballadoras do país teñen máis que fundados argumentos para facer unha folga xeral, pero quere facer dúas apreciacións: a primeira é que para que unha folga xeral prospere ten que ter máis consenso e que isto que se propón é para Galicia e proposto por un só sindicato, polo que solicita a retirada da moción porque ademáis, como segunda apreciación di que chega nun momento desacertado xa que neste momento se está debatindo unha moción de censura na que os asinantes están pola labor de adoptar unha serie de decisións normativas no sentido que se solicita e se insta nesta moción, polo que entenden que no contexto actual carece de sentido a moción presentada.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a moción non chega tarde e que toman iniciativas ante a pasividade de quen estivo e de quen parece seguir estando en estado de espera permanente e que agradece a coincidencia en que tal como está a situación está máis que xustificada a folga xeral e din que debería ser consensuada, dialogada, etc pero poderían acudir á cantidade xente que se sente defraudada por sindicatos que non están tomando iniciativas deste tipo e á boa acollida que está tendo a proposta; que con respecto a que se trata dunha proposta parcial porque é relativa a Galicia é porque é o sitio onde vivimos polo que considera que non carece de sentido e non a van retirar, solicitando o apoio para esta proposta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (catro), dos sres/as:, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: Fariñas Seoane, Ramos Luna e Moscoso Muíños.

Abstencións 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, a Presidencia declara aprobada a moción do concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, de data 31 de maio de 2018, relativa ao apoio á convocatoria de Folga Xeral convocada para o 19 de xuño de 2018, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

**12.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se desexan facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que ela é xornalista e que o Sr. alcalde tamén ten experiencia como tal, e pregúntalle como titularía unha información relativa aos informes de reparo da Intervención que se traen como dación de conta a este pleno.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que él é editor e locutor pero non xornalista.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que de conformidade co Regulamento orgánico se pode instar ou urxir a pronta execución de algo ao Goberno de España ou á Xunta de Galicia pero non se pode instar ao Alcalde, polo que solicita se modifique o dito regulamento.

Continúa a súa intervención o Sr. Vázquez Lozano dicindo que ten un segundo rogo referido á supresión de duplicidades no cobro de tasas, e procede á lectura do seguinte texto:

C.I.F. P-1503100-H

"Las tasas son un tributo propio, que los ayuntamientos cobran por la prestación de servicios de competencia local cuando estos sean de solicitud o recepción obligatoria y, además, no serán susceptibles de ser prestadas por parte de la iniciativa privada (artículos 20 a 27 de la Lei Reguladora de las Haciendas Locales).

En el ámbito ambiental, la Agencia Europea del Medio define las tasas de cobertura de gastos como aquellos tributos diseñados para que los que hagan el uso del medio paguen total o parcialmente el gasto de este uso.

Específicamente diferencian las tasas de usuario como aquellas donde los usuarios pagan por un servicio específico (AEMA, 1997,21). Tal sería el caso de la tasa por la recogida y tratamiento de los residuos urbanos.

A estos efectos y más concretamente, la tasa de recogida de basura, constituye la tasa de prestación de este servicio de recepción obligatoria, la recogida de residuos sólidos urbanos en los ayuntamientos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Cambre, Culleredo, Oleiros y Sada, su transporte a los centros de eliminación y posterior tratamiento.

Se entiende por recepción obligatoria el servicio prestado a todos los establecimientos comerciales, industriales, profesionales o de otros usos que estén en condiciones de habitabilidad o utilización con independencia de que estén o no, habitados o utilizados.

La Ordenanza reguladora de la tasa por la prestación del servicio de recogida y tratamiento de basuras y residuos urbanos del Consorcio As Mariñas dice:

en su art. 2º.5

"...As altas no Padrón da taxa, poderánse producir a partires da información contida no catastro inmobiliario, datos do IAE, ou calquera outra fonte a que teña acceso esta Administración."



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

y en su art. 4º.4:

"No caso de realización dunha actividade económica nun inmoble de uso residencial, entenderase que é obxecto de tributación tanto a vivenda como a respectiva actividade económica. Se os metros afectos a actividade supoñen un 30% ou menos dos metros considerados na ficha de datos catastrais, no referente a actividade poderase aplicar a tarifa 17.6 de outros non clasificados."

Esto quiere decir, que en el caso de los pequeños autónomos que destinan una parte de su domicilio habitual a una actividade profesional no industrial, se duplica la imposición.

SOLICITA:

Por todo lo anteriormente expuesto se insta al alcalde del Ayuntamiento de Culleredo a que como representante del municipio en el Consorcio das Mariñas, traslade al pleno del Consorcio LA SUPRESIÓN DE LA DUPLICIDAD DEL PAGO DE DICHA TASA PARA AQUELLOS PROFESIONALES QUE DESTINAN UNA PARTE DE SU DOMICILIO HABITUAL A UNA ACTIVIDAD PROFESIONAL NO INDUSTRIAL."

Continúa a súa intervención o Sr. Vázquez Lozano dicindo que desde o Consorcio, en relación coa taxa por recollida de residuos, están chegando a profesionais que teñen a súa actividade económica no seu fogar facturas duplicadas, unha pola casa en si e outra pola actividade económica polo que roga ao Sr. alcalde para que, en representación do Concello de Culleredo, traslade ao Consorcio das Mariñas as peticións de supresión da duplicidade do pago dunha tasa para aqueles profesionais que destinan unha parte do seu domicilio habitual a unha actividade profesional non industrial.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que non hai ningún problema en atender ao solicitado e ese rogo que se vai presentar no Consorcio no nome de Ciudadanos puidera ser que se convertira nunha moción en todos os Concellos.

Deseguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que nos últimos días publicitáronse diversas noticias nos medios de comunicación relativas á aprobación pola mesa de alcaldes da área metropolitana dun documento de alegacións ao Plan de transporte público de Galicia, e que, polo que se puido saber pola prensa pois desde o Concello de Culleredo non se trasladou ningunha información, no contido dese documento de alegacións plantéase a modificación ás actuais liñas de autobuses, así como a creación dun Consorcio de transportes da área metropolitana, rogando en primeiro lugar o cumprimento do acordo adoptado no mes de abril en relación coa apertura dun proceso de participación pública de carácter municipal onde se recollan as demandas e necesidades de transporte dos usuarios e a cidadanía en xeral, e en segundo lugar, que se faciliten a esta Corporación as achegas que desde o Concello de Culleredo se fagan ao novo mapa de rutas dentro da tramitación da 2ª fase do Plan de transporte de Galicia; que con respecto ao primeiro punto non debera ser moi difícil habilitar un espazo na web municipal na que os veciños puidesen participar e facer achegas que é o que se pedía na dita moción, dirixíndose ao Sr. alcalde para dicirlle que el di sempre que quere consultar as actuacións cos veciños cando realmente faise difícil para os consultados atopar esas consultas.

Por último, o Sr. Vázquez Lozano di que quere facer unha última pregunta que presentou no rexistro hai aproximadamente un mes e medio en relación coa caseta ou edificación que existe na urbanización Tierno Galván, da que cren que fai tempo estaba habilitada para a venda das prazas do garaxe soterrado que hai alí solicitando se lle informe sobre se segue en vigor e cumprindo a función que tiña fai anos.

A continuación intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que en relación ao transporte metropolitano está a propia Mesa de transporte metropolitano da Xunta de Galicia e a propia Mesa de Alcaldes onde se crearon unha serie de comisións, entre elas a propia mesa de transportes e que todos os concellos en especial os de signo



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

progresista, están dispostos a facer unha área metropolitana pensan que conformar un sistema metropolitano de transportes é a principal iniciativa que teñen que ter para inciiar esa futura área metropolitana; que non ten ningún inconveniente en informar sobre todas as conclusións que se deriven desa Mesa de Alcaldes que non é un órgano colexiado senón froito da vontade dos concellos que queiran adherirse a estas reunións para ir coñecendo os estudos que sobre todo financia o Concello da Coruña con respecto á creación dunha futura área metropolitana e que ao igual que se incorporan os informes do Consorcio As Mariñas, aínda que este mes non se incorporou por erro, non ten inconveniente ningún en informar sobre as conclusións ás que se chegue na Mesa de Alcaldes e que se están de acordo con esa iniciativa de futuro de creación dun área metropolitana todas as achegas que poidan facer tanto o seu grupo como os restantes serán benvidas; no que atinxe ao transporte metropolitano propio é responsabilidade da Xunta de Galicia, quen convoca aos alcaldes dos concellos da zona norte, sur, etc e aí é onde se debaten as diferentes liñas sendo neste momento un dos prinicipais focos de debate a caducidade inmediata das liñas de transporte metropolitano polo que hai que facer achegas técnicas a todo ese proceso, existindo a vontade de crear un Consorcio metropolitano de transportes onde indudablemente teñen que estar os concellos con vontade de área metropolitana, o concello da Coruña que ten autoridade propia en materia de transporte e a propia Xunta de Galicia que é a que ten a autoridade e a competencia sobre o transporte metropolitano do extrarradio da área metropolitana da Coruña.

Intervén deseguido o Sr. Vázquez Lozano e di que todo o exposto lle parece lóxico pero que un dos puntos referíase ás alegacións que eran inmediatas e que do que se trata é de abrir un proceso de diálogo entre os afectados, os usuarios que collen esas liñas e que poden aporta algo de visibilidade; que deso trataba a moción que eles presentaron, de abrir un proceso de participación pública para poder recoller esas achegas aínda que despois sexan os técnicos os que teñan que decidir se son ou non viables.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a continuación novamente o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto á premura nesas noticias referidas polo Sr. Vázquez Lozano refírese a que remataba o prazo de alegacións ao transporte metropolitano da Xunta de Galicia. o Concello está en contacto con diversos colectivos para coñecer as necesidades que poida haber nas parroquias para conformar un documento propio; que con respecto a esa caseta fixemos á pregunta e agora estase á espera da elaboración dun informe de Urbanismo polo que reiterarán esa petición para poder ter canto antes ese informe.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a primeira cuestión sobre a que quere preguntar é sobre o inventario municipal pois na sesión plenaria anterior xa preguntaron e o Sr. alcalde dixo que ía pedir un informe ao respecto para poder contestar no seguinte pleno polo que lle gustaría saber se xa se dispón del e en caso afirmativo solicita se lle facilite o antes posible.

Responde o Sr. alcalde dicindo que si, que xa dispoñen do dito informe e que ao finalizar a sesión lle facilitarán unha copia.

Continúa a súa intervención o concelleiro Sr. Chouciño Garrido e di que quere preguntar por unha segunda cuestión, tamen debatida no anterior Pleno, que é relativa á obra pola que xa teñen preguntado repetidas veces que é a escollera do río Trabe, da que teñen feito alusións reiteradas sobre que esa obra non coincide co proxecto ao contemplar unha pendente do 25% cando a pendente real é dun 50 ou un 60%, o que implica unha disconformidade moi importante sobre o proxectado; que teñen preguntado miles de veces por esta obra con respostas varias pero que o que nunca se lles dixo e o tiveron que ver cando pediron acceso ao expediente é que hai un requerimento do Xulgado número 3 a instancias dunha denuncia do PACPRONA por esa obra e que di o mesmo que eles, que non se axusta o construído co proxectado, habendo tamén un requerimento de Augas de Galicia sobre o que non se dixo nada polo que para ver o que vai pasando teñen que pedir a miúdo o expediente; que lle gustaría saber se falta algo por ver en relación con esta obra e que pensan facer coa denuncia do PACPRONA; que se trata dunha obra de



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

140.000 euros que saen do bolsillo de todos os veciños e da que non se pediu garantía de nada e quere saber que lles falta por ver con referente a esta obra da que hai unha denuncia do PACPRONA e un requerimento de Medio Ambiente para abrir un expediente sancionador.

Responde o alcalde-presidente dicindo que co que respecta á escollera do Río Trabe o Sr. Chouciño Garrido ten unha insistencia continuada; que se lle deu acceso ao expediente e que os servizos xurídicos do Concello non teñen coñecemento de ningunha denuncia; que foi o propio Sr. Chouciño ao cuartel da Garda Civil e falou con algún axente pero en ningún momento lle confirmaron os feitos supostos nin a él nin ao Concello nin a ningúen; que se poden facer as propias interpretacións que se queiran pero que a Xustiza, se se instrúe algunha causa, tamén decidirá.

Deseguido intervén novamente o Sr. Chouciño Garrido preguntando se non se vai facer rectificación ningunha, respondendo o Sr. alcalde que non, que se ratifican no xa dito.

A continuación continúa coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que outra cuestión que fomula é a relativa ao estado da concesión da instalación deportiva da Garrocha, sobre a que xa preguntou anteriormente e lle responderon que está na man dos servizos xurídicos municipal á espera de que realicen o seu informe, pedindo se lle indique se se emitiu ese informe, respondendo o Sr. alcalde que de momento non ten constancia de que se tivera emitido.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que hai aproximadamente 600.000 euros en reparos, e o mes pasado eran 500.000, e que en moitos deles os comentarios da Secretaria e da Interventora refírense a que se prescinde dos procedementos de contratación, que se contrata verbalmente e demáis, e pregunta por que hai tantas cousas sen contratar; facendo fincapé no relativo a Gestagua, do que se facturan 147.000 euros por servizos de auga potable, e pregunta en que condicións se está a prestar este servizo; fai a comparación coas comunidades de propietarios dos edificios onde desde que estalou a crise revisáronse todos os contratos e aquí séguese igual e por exemplo aluguer de coches, gas natural, aluguer de vehículos e, sobre todo, esa prestación do servizo de subministro de auga potable pola dita cantidade de 147.000 euros que se repara por prescindir totalmente do procedemento de contratación; que quere incidir neste porque o contrato do servizo de prensa xa foi no punto de debate.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que se remite aos informes das Sras. Secretaria e Interventora municipais, e que el levanta os reparos porque caso contrario paralizaríase o Concello xa que a nova Lei de contratos do sector público, que entrou en vigor o pasado día 9 de marzo, imposibilita determinadas contratacións que antes da súa entrada en vigor eran posibles, o que lle preocupa, en especial porque é el quen asina estos levantamentos de reparo, pero os veciños teñen que ter os seus servizos, e a maior parte dos reparos refírense a contratos de FENOSA, de alumeado público, de subministro de gas, etc., contratos que ata o momento non precisaban dos procedementos de contratación que agora esixe a nova Lei, atopándose todos os alcaldes moi preocupados con esta situación da que non teñen culpa nin os habilitados nacionais, nin os técnicos, tratándose dunha nova situación en todo o territorio nacional e el ten que asumir o risco se quere que se lle presten servizos aos veciños, e especialmente os servizos básicos como limpeza viaria, etc.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a Lei de contratos xa existía antes e que quere facer unha chamada de atención sobre unha resolución da Alcaldía na que se recoñece unha obriga de 795.000 euros devengados por unha sentenza correspondentes ao segundo prazo polo pagamento dunha parcela para un colexio, devengándose nesta segunda anualidade 84.000 euros de xuros.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Continúa a súa intervención dicindo que por último, quere facer un rogo respecto das beirarrúas en Almeiras pola beira esquerda en dirección a Sigrás por todos os altos e baixos que posúen que fan que non se axusten á normativa de mobilidade, que non saben se esta obra está recibida ou non nin se é municipal ou da Xunta pero fan o rogo de que antes da sinatura do acto de recepción desta obra se invite a xente con mobilidade reducida para facer unha proba e se constate o cumprimento ou incumprimento da citada normativa.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que suma esta preocupación á súa propia e toma nota deste rogo para trasladalo aos técnicos da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Taibo Gago quen, unha vez concedido, di que os veciños de Culleredo atópanse preocupados polo centro cultural "O Noso Lar" e pregunta cal é o problema para que non saia a contratación a cafetería e que ademais se agora se cede para festas, cumpleanos, etc.,habería que solucionar o problema da pista deportiva na que non poden xogar porque está ocupada polos coches.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que o Centro social non é de titularidade municipal polo que terán que reunirse coa Directiva en funcións que ten o centro social e tentar de renovalo e falar sobre as intencións que eles teñen porque a prioridade do equipo de goberno non é abrir bares nos centros sociais senón que a súa prioridade é que exista un espazo para que os veciños poidan realizar calquera tipo de actividade, aínda que tamén é certo que naquelas parroquias que non teñen locais de hostelaría ás veces contar cun local destas características dinamiza moito a parrroquia pero o exemplo xa o hai co edificio de Servicios Múltiples onde se retirou o bar e non se sufriu nada senón todo o contrario aínda que non descarta o preguntado polo Sr. Taibo Gago, senón que o comparte totalmente.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente) (asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
22/06/2018 11:35



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es